

Obradoiros de folclore, artesanía, cociña galega e seminarios de cultura galega. Ano 2025

A Secretaría Xeral da Emigración, co obxectivo de potenciar as nosas tradicións e costumes, promover a nosa cultura e manter viva a nosa identidade, convoca distintos obradoiros formativos de folclore, artesanía, cociña e seminarios de cultura galega nas entidades galegas do exterior para posibilitar que os galegos e galegas que residen no exterior conserven os seus vínculos con Galicia.

Orde da convocatoria:

RESOLUCIÓN do 10 de xaneiro de 2025, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se establecen as bases reguladoras do programa de obradoiros de folclore, artesanía, cociña galega e seminarios de cultura galega en entidades galegas do exterior, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (DOG nº 32 do 17 de febreiro de 2025).

Entidade que convoca: Secretaría Xeral da Emigración

Prazos presentación da documentación:

Desde o 18 de febreiro ata o 17 de marzo de 2025

(As entidades terán de prazo ata as 23:59 horas do día 17 de marzo

–HORA PENINSULAR ESPAÑOLA–)

A documentación hai que presentala canto antes se poida a partir do día seguinte ao que se abra o prazo. Esperar ó último día sempre pode crear problemas.

Entidades que poden solicitar:

Poderán solicitar a organización dos obradoiros as entidades galegas que estean inscritas no Rexistro da Galegidade.

FASE DE SOLICITUDE

1. Modelo único de solicitude (anexo I) acompañado obrigatoriamente do **anexo II** e engadindo segundo o número de obradoiros solicitados:

No caso dos **obradoiros de folclore**, que poden solicitar as entidades que teñan constituídos grupos ou escolas de folclore da modalidade solicitada cun ano de funcionamento ininterrompido dentro dos tres últimos anos previos á solicitude, deben acompañar a memoria recollida no **anexo III**.

No caso dos **obradoiros de artesanía**, que poden solicitar as entidades que teñan un taller cun ano de funcionamento ininterrompido, dentro dos tres últimos anos previos á solicitude no que veñan desenvolvendo esas actividades, deben acompañar a Memoria recollida no **anexo III**.

No caso dos **obradoiros de cociña e os seminarios de cultura galega** que poden solicitar as entidades que contan con instalacións e equipamentos axeitados para o seu desenvolvemento deben acompañar a memoria recollida no **anexo IV**.

2. As entidades presentarán as solicitudes obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado que figura como anexo I da resolución, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Se algunha das entidades interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes poderase empregar calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

3. Cadro de REPRESENTACIÓN:

Os datos referidos á representación é obrigatorio cubrilos e serán os que correspondan coa persoa que asine a solicitude (ben sexa a que exerce a presidencia da entidade ou outra persoa física). No caso de que non sexa a persoa que desempeña a presidencia da entidade haberá que acompañar o documento que acredite que a persoa que asina ten poder para presentar a solicitude no nome da entidade.

4. Cadro de DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Necesariamente hai que cubrir **os datos do número de teléfono móbil** (ten que ser un número de España) **e do correo electrónico** aos que se lle enviarán os avisos de posta a disposición das notificacións no caso de que a presentación sexa electrónica.

Importante: como a notificación é electrónica ao contido da notificación só se pode acceder co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa representante da entidade que asine a solicitude.

REQUIRIMENTOS

Logo de revisar a documentación presentada, calquera solicitude que non estea cuberta tal como se indicou, que non veña asinada polo/a presidente/a da entidade ou que non presente a documentación sinalada correctamente será requirida mediante a publicación dun requirimento conxunto no taboleiro de anuncios da Secretaría Xeral da Emigración e na páxina web galiciaaberta <http://emigracion.xunta.gal> (en concreto no apartado Actividades: Liñas de axuda) para que emenden o defecto sinalado no prazo de **10 días** seguintes á citada publicación.

FASE DE SELECCIÓN

Unha vez subsanadas as solicitudes a persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración ditará as resolucións oportunas e publicarase na páxina web oficial da Secretaría, <http://emigracion.xunta.gal>, a proposta de adxudicación ás entidades beneficiarias dos obradoiros e seminarios que se lle conceden a cada unha e darase un prazo de **5 días naturais** para a aceptación ou renuncia a organización destes obradoiros.

Finalizado este prazo publicarase na mesma páxina web a resolución definitiva de entidades beneficiarias e obradoiros e seminarios concedidos.

Modalidades convocadas:

- Obradoiros de folclore:
 - Obradoiros de baile
 - Obradoiros de gaita
 - Obradoiros de percusión
 - Obradoiros de pandeireta e canto
- Obradoiros de artesanía:
 - Obradoiros de encaixe de palillos
 - Obradoiros de confección de traxes tradicionais
- Obradoiros de cociña galega
- Seminarios de cultura galega

Características do programa:

As entidades poderán solicitar a formación na modalidade presencial e tamén como aula virtual (obradoiros virtuais de formación).

En canto á financiación a Secretaría Xeral da Emigración farase cargo das retribucións e dos traslados do profesorado que se desprace a impartir os cursos presenciais e a entidade da estadía, manutención e dos traslados dentro da cidade onde teña lugar o curso.

As entidades galegas xestionarán e dotarán as instalacións necesarias para o desenvolvemento dos obradoiros que serán de formación intensiva e de carácter participativo e impartidos por profesionais con recoñecida experiencia nas distintas modalidades.

A organización do obradoiro en forma virtual será realizada pola entidade e polo/a docente elixido/a para impartilo (horario, canle a través da que se imparte, duración, participantes, ...). Este obradoiro será impartido soamente para as persoas que a entidade propoña e comunique á Secretaría Xeral da Emigración. Non será "en aberto" nin poderán participar outras persoas diferentes as inicialmente propostas.

Os centros deberán optar por unha ou outra modalidade na solicitude de participación.

En ambas modalidades o profesorado será designado pola Secretaría Xeral da Emigración de conformidade co establecido nesta resolución e na Resolución do 14 de decembro de 2023, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se regula o procedemento para a elaboración dunha bolsa de persoas formadoras colaboradoras para impartiren seminarios fóra de Galicia e se abre o prazo para a presentación de solicitudes (DOG núm. 241, do 21 de decembro).

As entidades **poderán propor un/ha profesor/a** para que imparta o correspondente curso sempre que estea incluído/a nas listas de persoas formadoras na modalidade solicitada e no caso de non haber formadores/as dispoñibles nas listas nesa modalidade, poderán propoñer profesorado non incluído nelas. Neste caso deberán achegar un currículo que o/a avale. Pode consultar a bolsa de persoas formadoras da Secretaría

Xeral da Emigración premendo na seguinte ligazón: Listaxes definitivas de persoas formadoras colaboradoras.

No caso de non dispor de persoas formadoras nas listas nin ter recibido proposta da entidade, a Secretaría Xeral da Emigración, en colaboración con institucións públicas ou privadas radicadas en Galicia, poderá designar profesorado entre profesionais que sexan referentes nas respectivas modalidades.

As entidades **poderán solicitar**, por orde de preferencia, a organización de **ata 3 cursos** das modalidades convocadas.

Non poderá designarse como docente quen xa impartise **máis de 2 cursos continuados** na mesma entidade.

Non se poderán solicitar **modalidades realizadas** na entidade solicitante de maneira consecutiva **nos dous últimos anos**.

- Aquelas entidades ás que se lle conceda un obradoiro ou seminario deberán achegar **obrigatoriamente** no prazo **dun mes** desde o seu remate unha memoria informativa e acreditativa do seu desenvolvemento (**anexo V**).

Contacto e información:

Secretaría Xeral da Emigración.
Subdirección Xeral de Relacións coas Comunidades Galegas
Praza de Mazarelos, nº 15
15781 Santiago de Compostela – A Coruña
Teléfono: + 34 981 957 353 / 981 547 256
Correo electrónico: subdireccionxeral.emigracion@xunta.gal